CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

EMPRESA
Éxito do Mercamelide, que busca agora a maneria de consolidarse P3

COMARCA
Continúan as avarías no barco que cruza o encoro de Portodemouros P12

CULTURA
Entre Lusco e Fusco, grupo convidado ao III Festival Infantil Herba Grileira P21

ENTREVISTA

Tania Mourazos Pasarela, P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 146. Marzo 2018. Distribución gratuíta

Populares e socialistas difiren sobre a ampliación da FP no IES de Melide

O Partido Popular vetou a iniciativa socialista no Parlamento aludindo a que a implantación dun novo ciclo "debe responder a criterios obxectivos, técnicos e froito do consenso". Mentres tanto, dende o Partido Socialista insisten en que o ciclo de Sistemas Microinformáticos e Redes sería unha boa opción dado que "a comarca conta cunha natalidade estable e é unha ensinanza con alta porcentaxe de inserción laboral". P10

Unha folga feminista para conmemorar o Día da Muller

A folga do 8 de marzo non foi especialmente seguida nos concellos da comarca. En Melide, celebrarase cunha cea homenaxe ás mulleres do rural. P13

Asetem celebrou a cea anual de confraternidade

O presidente de Asetem, Manuel Vázquez, anuncia a liquidación da hipoteca do local no que se atopan as oficinas da entidade, que agora pasa a ser dos socios. P4

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

28 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Pensións dignas xa!

Toda acción desencadea unha reacción, e nos últimos tempos somos moito de reaccionar. Iso deberon pensar os miles de xubilados que, trala notificación da ridícula suba nun 0,25% das súas pensións, foron quen de organizarse para saír ás rúas e chegar ata as mesmas portas do Congreso para reclamar nin máis nin menos que o que lles corresponde: unhas pensións dignas.

Resulta doloroso ter que ver aos nosos maiores protestando e reclamando nas rúas cando deberían estar gozando tranquilamente do seu retiro despois de toda unha vida traballando. Pero máis desapiadado é ver como o Goberno trata de buscar unha saída a esta crise a través da improvisación.

Ante as mobilizacións, e a ameza que isto supón en canto a perda de votos, o ministro Montoro anunciou xa a aplicación de exencións fiscais para os pensionistas, cando a maior parte dos xubilados están exentos de pagar o IRPF. Non é este un tema para improvisar, pois abonda con mirar ao futuro e ver as estatísticas en canto a envellecemento da poboación e nacementos. É un problema que require de solucións urxentes e sólidas.

Desapiadado é tamén o discurso que chega por parte do presidente Mariano Rajoy. Tralo "no nos metamos en eso" sobre a desigualdade salarial entre homes e mulleres, chega agora o de "yo quiero subir las pensiones, pero no puedo. No podemos gastar lo que no tenemos". Resulta confuso escoitar un discurso ambiguo no que un día saímos da crise e a recuperación da economía é imparable, mentres que ao día seguinte "non podemos gastar o que non temos". En que quedamos entón? Ou hai para gastar ou non estamos tan ben como se anuncia.

E máis insultante é ter que escoitar ao gobernador do Banco de España –por poñer outro exemplo–, Luis María Linde, dicir que "non é o mesmo 600 euros de aluguer que 100 de comunidade" en relación a que a casa en propiedade dos xubilados mellora a súa pensión. Mexan por nós e temos que dicir que chove.

Os pensionistas foron o gran soporte de moitas familias durante a crise, mentres políticos e banqueiros con xubilacións desorbitadas e de luxo continúan agardando que poñamos os nosos aforros nos fondos onde a eles máis lles interesa, en mans privadas para seguir enriquecéndose á nosa costa. Así, **SEN ESCRÚPULOS NIN REMORDEMENTOS**.

Sexa como sexa, o único que está claro é que aos xubilados xa non lles serven as desculpas. Unha parte importante dos nosos maiores están fartos e así o poñen de manifesto coas súas mobilizacións e protestas, que a medida que pasan os días van en aumento. A próxima cita a nivel nacional será o 17 de marzo onde esixirán unha vez máis que o Goberno cambie dunha vez as súas políticas. Xa non se trata só de tomar conciencia, as mobilizacións teñen que servir para cambiar o modelo ao que nos queren levar. Non debemos parar ata que as pensións públicas sexan por lei un dereito garantido e deixen de perder poder adquisitivo. Xogámonos nada máis e nada menos que o noso futuro e debemos loitar por el, loitar todos xuntos para saír fortalecidos e non como nos queren ter: máis pobres e submisos.

Dicíamos que toda acción desencadea unha reacción. A reacción do Goberno xa está sobre a mesa, un "caramelo" cuxa única finalidade é a de facernos calar, disuadirnos dun obxectivos ao que non debemos renunciar: **UNHAS PENSIÓNS DIGNAS XA!**

Tribuna de opinión

Coas portas abertas

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Lonxe queda o ano no que se fundou a Asociación de Empresarios Terra de Melide e tamén o momento no que se tomou a decisión de facerse con unha sede. Non obstante, todos os ciclos rematan por pecharse nalgún momento, e en Asetem vimos de pechar un. O ano 2017 marcará un antes e un despois na historia da nosa Asociación. Tal e como xa foi anunciado, saldamos a débeda hipotecaria do noso local, e non só iso, senón que o fixemos meses antes do previsto. A isto contribuímos todos e cada un dos que dende o primeiro día formaron e formamos parte de Asetem, tanto a través das achegas económicas como da implicación e compromiso de cada un, tratando de consolidar unha entidade forte e unida. Esa unión, xunto a unha boa xestión e unha mellor optimización dos recursos permitiu que na actualidade puidésemos chegar a dispoñer dun local en propiedade. Pero trátase de algo máis que un local ou unha sede. Trátase dun lugar aberto ao diálogo, onde debater, onde buscar o consenso, as oportunidades para facer que o pobo medre, onde seguir formándonos e aprendendo e, en definitiva, dun local aberto a todos e cada un dos socios. Todos temos algo que aportar, así que vexámolo como una nova oportunidade de seguir sumando, tal e como levamos facendo dende o nacemento de Asetem. Péchase un ciclo, pero as portas continúan abertas, agora máis que nunca, a cada membro desta entidade.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Xosé Núñez, Anpa Terra de Melide, Ana Marcos Cardo
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Yolanda Pampín Gil
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....10
-COMARCA.....12
-CULTURA E LECER.....16
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

O Mercamelide de inverno consolídase como un referente no calendario anual

Participaron un total de 15 comercios e repartíronse 500 euros en premios ao longo da fin de semana

Satisfacción. Ese foi o sentimento xeneralizado entre os comerciantes que participaron nesta última edición, a XXI, do Mercamelide de inverno. Se ben é certo que o número de comercios que acudiron este ano foi lixeiramente inferior, 15 en total, o volume de vendas foi moi semellante ao de anos anteriores. "É certo que o bo tempo acompañou, pero é que ademais constatamos que a feira de oportunidades que se organiza en inverno funciona cada ano mellor, sempre se mantén esa tendencia á alza", indicaron representantes de Asetem, organismo colaborador na organización da feira de saldos.

Ao longo de dous días e en horario ininterrompido, o Pazo de Congresos de Melide acolleu unha quincena de stands nos que se puideron mercar froita, electrodomésticos, roupa, calzado, etc, a prezos moi reducidos que chegaron a contar con descontos de ata o 70%.

Ademais diso, houbo actividades de animación para os máis pequenos así como degustación de chocolate acompañado de varios doces elaborados polos membros da Asociación de Repostería Tradicional Melide Terra Doce.

Como vén sendo habitual, ao longo da fin de semana tamén se realizou o sorteo de tres vales de compra por un valor total de 500 euros.

Reunión de comerciantes

Trala celebración desta última edición do Mercamelide de inverno foron numerosos os comerciantes que solicitaron a organización dunha reunión conxunta, tanto socios de Asetem como non socios, para tratar de darlle un maior pulo a esta iniciativa e consolidala nas súas dúas edicións anuais, tanto na que se celebra no inverno como na que se celebra a finais de verán.

O obxectivo é poñer sobre mesa tanto o emprazamento da feira (no Pazo de Congresos ou cada comercio nas súas instalacións), como a participación dun maior número de sectores, así como a súa procedencia, tratando de abrir o Mercamelide a outros empresarios da comarca e tamén de fóra da comarca.

"Sexa como sexa, do que se trata é de conseguir unha maior difusión e unha maior participación que redunde no beneficio do comercio local e ao mesmo tempo da vila", explicaron dende Asetem.

A Feira de Oportunidades Mercamelide estivo organizada polo Concello de Melide en colaboración con Asetem.

Apoio institucional

Como adoita ser costume na súa edición de inverno, a directora xeral de Comercio e Consumo, Sol Vázquez Abeal, desprazouse ata o Pazo de Congresos de Melide para visitar a Feira de Oportunidades Mercamelide. Alí destacou o "importante labor que desempeñan os centros comerciais abertos na dinamización do comercio de proximidade", e salientou "a implicación dos comerciantes en iniciativas coma esta".

Vázquez Abeal aproveitou a ocasión para remarcar tamén "o esforzo da Xunta por modernizar e incrementar a competitividade do comercio de proximidade galego a través do Plan estratéxico de impulso ao Comercio de Galicia".

As axudas que a Xunta de Galicia concede neste eido permiten, entre outros aspectos, realizar diferentes campañas de dinamización, incorporar sistemas de fidelización ou realizar melloras na sinalización comercial externa. Por poñer un exemplo, no caso concreto de Asetem, parte destas achegas económicas permitiron a elaboración e entrega dun distintivo comercial en forma de escaleira a cada establecemento asociado durante a pasada campaña de Nadal.

Durante a súa visita, a directora xeral de Comercio e Consumo estivo acompañada polo presidente e a xerente de Asetem, Manuel Vázquez e Pilar López, ademais do concelleiro de Facenda do Concello de Melide, Luis Arias.

Fotos: Turismo Melide

Durante toda a fin de semana a afluencia de xente foi intensa

Asetem organiza un novo curso de Benestar Animal para o 2 de abril

Trátase dunha das actividades máis demandadas na asociación, motivo polo cal Asetem organiza un novo curso de 'Benestar animal e transporte de animais vivos'. A actividade componse de dous módulos de formación: un para condutores e coidadores de gando e outro para persoal de granxas, matadoiros e centros de concentración. Cada módulo consta de 20 horas de duración que se impartirán **a partir do vindeiro luns 2 de abril en horario de tarde: de 20.45 horas a 23.15**. As prazas do curso son limitadas polo que todas **as persoas interesadas en realizalo deberán inscribirse antes do martes día 20 de marzo** chamando por teléfono (981 50 61 88), a través de enderezo electrónico (info@asetem.com), ou ben persoalmente nas oficinas da asociación (R/Lino Sexto Sánchez-2). A formación permite obter a acreditación necesaria obrigatoria para poder transportar calquera tipo de animal vivo.

O documental sobre a industria melidense prevé a súa estrea no mes de marzo

Tal e como se adiantou en números anteriores do Cerne, a produtora audiovisual Xurdir S.L. en colaboración co Concello de Melide e a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem), está a realizar un documental sobre a industria e a actividade económica no municipio melidense, sendo esta a cuarta peza que se leva adiante dunha serie de documentais baseados nesta temática en concellos rurais de Galicia. O planing de gravación desenvolveuse segundo o previsto de tal xeito que a finais do pasado mes de febreiro rematouse de gravar ás máis de trinta empresas participantes. Agora, unha vez inmersa a produtora nas tarefas de montaxe, estímase que a estrea pública do documental teña lugar na segunda quincena de marzo na Casa da Cultura de Melide.

Cea anual de confraternidade de Asetem

O presidente, Manuel Vázquez, anuncia a liquidación da hipoteca do local da asociación, que agora pasa a ser propiedade de cada un dos socios

O presidente de Asetem e o presidente da Deputación durante os seus respectivos discursos

Celebrar unha xornada de confraternidade e aparcar por uns intres o traballo, pero sen perder de vista as reivindicacións dos empresarios. Ese foi o obxectivo da cea que a Asociación de Empresarios Terra de Melide organizou o pasado 23 de febreiro no Hotel Carlos 96.

O evento reuniu a máis de 120 persoas, na súa meirande parte socios e socias de Asetem; pero tamén acudiron como invitados á celebración o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, a alcaldesa de Melide, Dalia García Couso, e o presidente da Confederación de Empresarios da Coruña, Antonio Fontenla Ramil.

Antes de comezar coa cea o presidente de Asetem, Manuel Vázquez García, pronunciou un discurso no que repasou, entre outros aspectos, o traballo realizado ao longo do último ano. Deste xeito, comezou facendo fincapé na transformación á que se verá sometida a comarca unha vez rematadas as obras da autovía A-54: "o reto está en conseguir que a autovía traia xente e non a leve, que achegue os nosos comercios e non os afaste, que faga as nosas empresas máis competitivas e que sirva para que a comarca medre e non morra", explicou.

Do mesmo xeito destacou a importancia de ampliar o polígono industrial e resolver o problema da Rede Natura, que na actualidade segue a impedir a ampliación do parque empresarial; motivo polo que solicitou ante os presentes "o apoio da Xunta, da Deputación, do Concello e de todos os organismos aos que compete, para resolver esta situación".

Vázquez, que destacou singularidades do comercio melidense como a de abrir os domingos ou a situación do municipio en pleno Camiño de Santiago, tamén salientou a importancia de "continuar fomentando a utilización das novas tecnoloxías como plataforma de negocio", sen descoidar "as formas clásicas de dinamización comercial como as campañas de Nadal, a Noite Aberta ou as pasarelas de moda en primavera e outono".

Non quixo deixar pasar a ocasión o presidente de Asetem para destacar a boa relación que dende sempre se procurou manter coas distintas administracións, "tratando de contar co seu apoio e a súa axuda, aspectos polos que lles damos as grazas, e sempre ofrecendo a nosa humilde colaboración a todos eles", indicou.

Pola súa parte, Manuel Vázquez comprometeuse a continuar traballando para manter a unidade e a confianza dos socios na utilidade da asociación, así como a buscar a eficiencia en todas e cada unha das iniciativas e campañas desenvolvidas, e a garantir a estabilidade económica da asociación.

Valentín González Formoso deixou a súa firma no libro de Asetem

Un local en propiedade

O presidente de Asetem rematou o seu discurso anunciando unha primicia ante todos os asistentes, e é que "froito da boa xestión das achegas económicas de cada un dos socios, no ano 2017 liquidouse o pagamento da hipoteca do local no que se atopan as oficinas de Asetem", anunciou, "e non só iso, senón que grazas á boa optimización dos recursos saldamos a débeda hipotecaria meses antes do previsto; isto tradúcese en que as instalacións de Asetem pasan a ser agora propiedade de todos e cada un dos membros que constitúen a asociación", engadiu.

Manuel Vázquez concluíu a súa intervención con palabras de agradecemento para todas e cada unha das persoas que "dende o primeiro día e ata a actualidade, contribuíron a que isto fose unha realidade: fundadores, socios, colaboradores e todos aqueles que dalgún xeito participaron na consolidación de Asetem ata chegar a ter un local propio".

Tanto o presidente da Confederación de Empresarios da Coruña, como a alcaldesa de Melide e o presidente da Deputación da Coruña pronunciaron unhas palabras ante os invitados. Fontenla destacou "a importancia de manter vivo ao comercio de proximidade nunha vila como a de Melide", mentres que Dalia García lembrou "que estamos a traballar para que as empresas conten con todas as facilidades para instalarse no municipio e poidan así xerar emprego".

Pola súa parte, González Formoso comprometeu o apoio da institución provincial para impulsar o desenvolvemento socioeconómico da localidade, destacando que "Melide debe aproveitar a súa condición de cabeceira comarcal e a súa situación estratéxica para desenvolver o seu gran potencial comercial e industrial". O presidente provincial tamén mostrou o seu apoio ás demandas dos empresarios de impulsar e dotar de mellores servizos o parque empresarial melidense.

Mesa presidencial con Antonio Fontenla Ramil, Valentín González Formoso, Manuel Vázquez García, Dalia García Couso e Rodrigo Fernández Pombo

Membros da Xunta Directiva de Asetem durante a cea de confraternidade

POR SER DE XUSTIZA

8 de marzo

Eva Novás
Avogada

Co motivo da celebración este 8 de marzo do Día Internacional da Muller quero lembrarme de todas as grandísimas profesionais cas que teño a fortuna de compartir horas de traballo: compañeiras avogadas, procuradoras, xuízas, fiscais, membros dos corpos e forzas de seguridade e profesionais varias que cada día se entregan por completo á súa labor e que co seu saber e bo facer achégannos un pouquiño máis a igualdade pola que a maioría loitamos. Nesta maioría, por suposto, están tamén eles, os nosos compañeiros de profesión, vida e fatigas.

As mulleres saben de igualdade e, por desgraza, tamén aprenderon de desigualdade. O seu progresivo acceso a profesións do ámbito da xustiza tivo a súa proxección no cambio, moi pouquiño a pouco, das normas. Parece moi lonxe pero non hai tanto tempo que as leis establecían o deber de obediencia e sometemento da muller ó seu marido. Pasaban de estar baixo a autoridade da familia a precisar da licenza marital para calquera trámite da vida diaria. Tampouco está tan lonxe o ano 1981, cando se aprobou en España a lei do divorcio. E podemos considerar recente a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, non exenta de controversia así como de luces e sombras. A violencia contra as mulleres deixou de ser unha cuestión privada, de alcoba, para ser un gravísimo problema social.

Co esforzo de todos vamos cambiando a sociedade, a súa maneira de pensar e as súas normas. Seguro que moitas compañeiras que empezaron hai pouco a súa andadura profesional se seguen atopando ca desconfianza que parece causar nalgúns a xuventude ou a condición de muller. Eses "neniña" ou "miña reina" que, aínda que ás veces van cheos de aprecio, outras non esconden a incredulidade ou a condescendencia. E que nos esforzamos por superar da mellor maneira posible: con dedicación e con formación.

Pero tamén me quero lembrar de todas aquelas cas que, sen compartir profesión, temos que tratar nos nosos despachos e que tanto nos ensinan: as nais e os pais que xa saben que os fillos son cousa de dous e que solicitan cada vez máis a custodia compartida. As avoas que axudan na conciliación laboral e aínda máis na persoal nos casos de rupturas, que promoven o entendemento, facilitan as solucións e acougan, acollen, educan e coidan. As que renunciaron a todo por dedicarse completamente ós seus, criaron fillos e agora atenden ós seus maiores dependentes. As que despois de toda unha vida de traballo e sacrificio se teñen que enfrontar a unha vellez de soidade e desamparo. As traballadoras e nais que intentan unha conciliación ás veces imposible. Aquelas que queren saber cales son os seus dereitos e as que buscan e non sempre atopan o coraxe de denunciar situacións que "non son normais". As que deben renunciar a facelo porque, aínda que lles sobra coraxe, sobre as súas costas recae todo o peso dun fogar. Aquelas que decidiron emprender e loitar por un proxecto aínda que fose difícil, non teñan axuda e nunca lles falten pesimistas. As que se armaron de valor e decidiron empezar de novo soas. As que sen apoio educan soas ós seus fillos na igualdade.

Todas elas son as que co seu exemplo van botando os pasos que nos achegan á igualdade e tamén as que nos amosan que aínda queda moito por facer. Así que, sempre e hoxe especialmente, vai por elas.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

Prohibido usar bolsas de plástico

A Federación de Comercio da Coruña vén de informar recentemente sobre a prohibición nun futuro próximo do uso das bolsas de plástico. Segundo explicaron, ante os excesivos niveis de consumo de bolsas de plástico actuais e co obxectivo de previr e reducir o seu impacto medioambiental, vai a ser proximamente obxecto de aprobación o texto dun Real Decreto para incorporar ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2015/720 do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2015, que intenta dar solución aos problemas xerados co consumo de bolsas deste material.

Entre as medidas a adoptar (a grandes trazos) estarían as seguintes:

1.- A partir do 1 de marzo de 2018:

a) PROHÍBESE a entrega gratuíta aos consumidores de bolsas de plástico nos puntos de venda de bens ou produtos, a excepción das bolsas de plástico moi lixeiras. **b)** Os comerciantes COBRARÁN unha cantidade por cada bolsa de plástico que proporcionen ao consumidor. Para determinar o prezo das bolsas de plástico os comerciantes poderán tomar como referencia os prezos orientativos establecidos no Anexo 1 do proxecto do Real Decreto. **c)** Os comerciantes INFORMARÁN aos consumidores dos prezos establecidos, EXPOÑÉNDOOS AO PÚBLICO, nun lugar VISIBLE e incluíndo unha referencia ao cumprimento das obrigas contidas nos apartados anteriores.

2.- A partir do 1 de xaneiro de 2020:

a) PROHÍBESE a entrega de bolsas de plástico lixeiras e moi lixeiras ao consumidor nos puntos de venda de bens ou produtos, excepto se son de plástico reciclable. **b)** PROHÍBESE a entrega aos consumidores, nos puntos de venda de bens ou produtos, de bolsas de plástico fragmentables. **c)** As bolsas de plástico de espesor igual o superior a 50 micras conterán unha porcentaxe mínima do 50 % de plástico reciclado.

É de destacar que o incumprimento do disposto no Real Decreto poderá ser sancionado.

PRECIOS ORIENTATIVOS DAS BOLSAS DE PLÁSTICO CONTIDOS NO REAL DECRETO (AnexoI)

- Bolsas de espesor inferior a 15 micras, destinadas a usos distintos aos previstos no artigo 3d)-razóns de hixiene e envase primario para alimentos a granel-: 5 céntimos de euro/bolsa
- Bolsas de espesor entre 15 e 49 micras: 15 céntimos de euro/ bolsa.
- Bolsas de espesor igual ou superior a 50 micras : 15 céntimos de euro/bolsa.
- Bolsas de espesor con contido igual ou superior a 50 micras, con contido igual ou superior ao 50% de plástico reciclado: 10 céntimos euro/bolsa.

Asetem conta dende hai tempo con bolsas de papel, en distintos tamaños, a disposición dos socios

SUBVENCIÓNS DEPUTACIÓN DA CORUÑA

AXUDAS Á CONSOLIDACIÓN E AO FORTALECEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE A CORUÑA (PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO 2018). DEPUTACIÓN DA CORUÑA (BOP 32, 15/02/2018)

Beneficiarios: Persoas físicas e xurídicas, titulares dunha actividade económica na provincia de A Coruña, que teñan unha antigüidade na actividade máxima de 5 anos.
Investimento mínimo 2.500 € e máximo de 25.000 € (IVE excluído), realizado entre o 01/01/2018 e o 31/12/2018.
Contía máxima a solicitar: 80%.
Gastos subvencionables: Aplicacións informáticas, así como creación, actualización e mellora de páxinas web; maquinaria; bens de equipamento; elementos de transporte interno; ferramentas; mobiliario; equipos de oficina, ordenadores e demais conxuntos electrónicos.
Prazo de solicitude: Ata 22/03/2018, ata as 14.00 horas

PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN PARA A CREACIÓN E AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DE PEQUENAS, MEDIANAS EMPRESAS E MICROEMPRESAS (PEL-PEMES). DEPUTACIÓN DA CORUÑA (BOP 32, 15/02/2018)
Beneficiarios: Pequenas, medianas empresas e microempresas, empresario individual, profesionais, comunidades de bens e sociedades civís, que teñan domicilio fiscal e centro de traballo nun concello da provincia de A Coruña de menos de 20.000 habitantes.
O traballador contratado ou a contratar terá que ser desempregado e inscrito como demandante de emprego na Oficina de Emprego e deberá estar empadroado nun municipio da provincia de A Coruña. A contratación deberá realizarse por un período mínimo de 12 meses, en calquera modalidade de contratación vixente, a xornada completa ou parcial. Serán subvencionables as contratacións realizadas dende o 01/01/2018 e ata os 2 meses posteriores á data de resolución desta axuda.
Contía da axuda: 75% dos costes salariais da contratación (salario bruto e seguridade social a cargo da empresa), por un período máximo de 12 meses.
Obrigas: manter o nivel de emprego acadado coa contratación; é dicir, o número de traballadores da empresa, na data de finalización do período subvencionado, deberá ser igual ou maior que o número de traballadores que teña a empresa a 15/02/2018.
Prazo de solicitude: Ata 22/03/2018, ata as 14.00 horas

PROGRAMA DE INCENTIVOS AO MANTEMENTO DO CADRO DE PERSOAL DE PEQUENAS, MEDIANAS EMPRESAS E MICROEMPRESAS (PEL-PEMES MANTEMENTO). DEPUTACIÓN DA CORUÑA (BOP 32, 15/02/2018)
Beneficiarios: Aquelas empresas que fosen beneficiarias da convocatoria de PEL PEMES 2017, e ao abeiro desta axuda realizasen unha contratación indefinida que se manteña na data da solicitude desta axuda.
Contía da axuda: 50% dos costes salariais da contratación (salario bruto e seguridade social a cargo da empresa), por un período máximo de 12 meses. O cómputo do novo período subvencionable iniciarase unha vez rematado o período subvencionable da convocatoria PEL PEMES 2017.
Obrigas: manter o nivel de emprego acadado coa contratación; é dicir, o número de traballadores da empresa, na data de finalización do período subvencionado, deberá ser igual ou maior que o número de traballadores que teña a empresa a 15/02/2018.
Prazo de solicitude: Ata 22/03/2018, ata as 14.00 horas

Información elaborada por CC Xestión - Tlf.: 881 973 307

Fomentar o consumo responsable a través da innovación

A Xunta de Galicia convoca un ano máis os concursos *Consumópolis* e *Galicons-Net* co obxectivo de fomentar o consumo responsable a través da innovación nos centros educativos de Galicia. Dunha banda, *Consumópolis* (que este ano acada a súa 13ª edición) é un concurso escolar sobre consumo responsable e calidade de vida que se centra na publicidade dos bens e os servizos dirixida á infancia e á adolescencia. Os centros teñen ata o día 27 de abril para realizar os traballos e presentar a súa solicitude de participación. Pola súa parte, os participantes en *Galicons-net* teñen que realizar un proxecto de innovación educativa sobre algunha temática de consumo responsable (consumo e xénero, linguaxe publicitaria etc). Neste caso os centros participantes poderán presentar os seus traballos ata o día 2 de xullo. Os estudantes que participen en *Consumópolis* poderán optar a tres galardóns de 1.000, 600 e 300 euros por cada categoría e os equipos gañadores representarán a Galicia na fase estatal do concurso. Para os mellores proxectos de *Galicons-net* concederanse catro premios de 1.500 euros. Os docentes das iniciativas galardoadas recibirán un recoñecemento da Administración autonómica en horas de formación do profesorado.

SABER DE LEI

A custodia compartida

E&M AVOGADOS

O Tribunal Supremo vén establecendo, dende o ano 2013, que a garda e custodia compartida é o sistema normal e desexable para rexer as relacións paterno-filiais cando hai fillos menores. Este sistema debería ser o normal posto que os menores deberían ter dereito a relacionarse por igual con ambos proxenitores, sempre e cando sexa posible. Aínda que a partir da reforma do Código Civil e os pronunciamentos do TS, os Xuíces e Tribunais son máis proclives á súa implantación, na práctica non se produciu un incremento significativo das resolucións acordando esta modalidade de garda e custodia.

Así mesmo, establece este Tribunal que é necesario probar a conveniencia deste modelo. Os pais teñen a obriga de concretar a forma e contido desta custodia compartida, é dicir, establecer como se vai a exercer. Deberase concretar a dispoñibilidade dos pais, a conveniencia de que os menores vivan nun domicilio estable, así como se van a tomar as decisións relativas á educación, saúde e coidado dos menores, as referentes á garda e custodia, establecer os períodos de convivencia con cada proxenitor, a relación e comunicación entre eles, o réxime de relacións con seus irmáns, avós ou outros parentes e persoas achegadas.

Os supostos de conflitividade entre os proxenitores só son relevantes cando os mesmos afecten, prexudicando, ao interese dos menores. Así mesmo, expón o Tribunal Supremo que non é posible acordar a garda e custodia compartida cando a situación de conflitividade entre os pais o desaconselle. A custodia compartida implica como premisa a necesidade de que entre os pais exista unha relación de mutuo respecto que permita a adopción de actitudes e condutas que beneficien ao menor, que non perturben o seu desenvolvemento emocional e que, pese á ruptura afectiva dos proxenitores, se manteña un marco familiar de referencia que sustente un crecemento harmónico da súa personalidade.

Hai que ter en conta que para que se estableza a custodia compartida non é necesario un acordo sen fisuras, senón unha actitude razoable e eficiente. É dicir, que pese a que existan certas discrepancias, as mesmas se poidan paliar e non afecten ao normal desenvolvemento do menor e ás decisións que se deben tomar respecto ao mesmo. Por tanto, a mera discrepancia sobre o sistema de custodia compartida non pode levar á súa exclusión.

E&M AVOGADOS
Ana Mato e Iria Expósito
Rúa Xesús Carro 15, 2, Melide
Tlfs: 605 270 280
671 833 425

marmolería melide

ESPECIAL BAÑOS

- Sustitución de bañera por plato de ducha
- Platos a medida. Fabricación propia
- Paredes sin juntas con formato grande de 'Techlan' o 'Dektom'

¡¡¡¡Recuerda, elimina tus viejos azulejos por los nuevos formatos sin juntas!!!!

OTROS TRABAJOS

- Fachadas ventiladas
- Fachadas Sate
- Fachadas de piedra, granito, dektom o Tecklan
- Fachadas y muros de perpiaño
- Columnas, balaustres

TRABAJOS EN CEMENTERIO

- Revestimientos de nichos
- Grabado de placas
- Chapas de acero
- Letras de acero, bronce y porcelana

ESTAMOS EN:

Parque Empresarial La Madanela, Parcela 42
15.800 MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 505 518
Fax.: 981 505 518
e-mail: marmolmelide@gmail.com

www.yakartautocaravanas.com

YAKART AUTOCARAVANAS TIENE EL PLACER DE INVITARLES A LA

III feria del CARAVANING

CON MAS DE 40 MODELOS NUEVOS Y DE OCASIÓN

Yakart autocaravanas
Telf. 982 283 051

DEL 9 AL 18 DE MARZO
EN HORARIO DE 10 A 14 Y DE 15:30 A 20:00 H
CTRA. DE A CORUÑA 202. N-VI KM-507 LUGO

Dethleffs Sunlight ROAD CAR RAPIDO ITINEO DREAMER WESTFALIA carthago Das Reisemobil. malibu Concorde ILUSION

CUIDE A SU CLIENTE, EVITE SANCIONES.

- ✓ Control de plagas
- ✓ Formación Manipulación Alimentos
- ✓ Campaña 2017 de Legionella
- ✓ Gestión de alérgenos
- ✓ APPCC

Plagostel
NRS (0177-GAL-SPO)
www.plagostel.com

698 179 968

PROCEDEMENTO DE ACREDITACIÓN DA EXPERIENCIA PROFESIONAL

Javier Iglesias Varela - Asesor do proceso de acreditación

“Acreditar o que sabemos servirá para cribar a competencia desleal”

En moitas ocasións dispoñemos dunha ampla experiencia no mundo laboral, pero sen unha titulación ou recoñecemento oficial que nolo acredite. Ante isto, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria puxo en funcionamento un procedemento para recoñecer, avaliar e acreditar, con carácter oficial, as competencias profesionais adquiridas ao longo da nosa vida laboral ou por outras vías non formais de aprendizaxe. Debido ao descoñecemento de moitos da existencia deste proceso, dende o Cerne mantivemos unha charla co profesor do IES de Melide, Javier Iglesias, quen coñece de primeira man este proceso, xa que ademais forma parte do mesmo como asesor.

Javier Iglesias é profesor do Ciclo de Madeira no IES de Melide

Que é a Acreditación das competencias

“Por dicilo dunha forma sinxela: isto é para a xente que leva no mundo laboral moito tempo e que non ten ningún tipo de titulación, pero que lla están empezando a esixir. Entón, esa xente o que fai é acreditar o que saben. E como o acreditan? Aprobando unha serie de unidades de competencia, que serían algo así como unha especie de ‘asignaturas’ ou materias. En resumo, trátase poñer sobre un papel de xeito oficial o que ti sabes facer”.

En que consiste o proceso

“A convocatoria está saíndo todos os anos a comezos de ano, e aínda que isto o fagamos dende a Consellería de Educación, quen o saca é a Consellería de Economía, Emprego e Industria. Normalmente convocan prazas limitadas, polo que convén estar atento. Todas as persoas que o queiran facer teñen que apuntarse a través da web: www.edu.xunta.es/fp. Eu aconsello que as persoas que non se manexen moito por Internet, que realicen os trámites a través dunha xestoría, máis que nada porque o proceso pode resultar algo confuso.

A grandes trazos destacar que cando se fai a solicitude hai que presentar todo tipo de cursos que se teñan realizado e que estean vinculados ao noso oficio, así como un certificado de vida laboral.

Unha vez feita a solicitude e admitido ou admitida dentro do proceso, convócase a finais de abril unha reunión grupal nunha sede, na que tamén se farán as futuras probas, e é aí nesa reunión onde se lles explica a todas as persoas o proceso restante.

Este proceso restante consta de dúas fases: unha é a fase **de asesoramento** e realízase de forma individual con cada candidato admitido, e a outra fase é a **de avaliación** onde se fan as probas de taller, ou o que viría sendo a avaliación das unidades de competencia.

Unha vez superadas e acreditadas todas as unidades de competencia, arredor dos meses de xullo, agosto ou setembro os candidatos xa poden obter os certificados de profesionalidade a través da mesma páxina web na que realizaron os trámites de solicitude. E con este certificado xa é como se tivésemos unha titulación”.

Os requisitos. Quen pode acreditar as súas competencias

“Calquera traballador en activo, sexa por conta propia ou allea, que teña un mínimo de anos de experiencia laboral. Non é necesario posuír estudos básicos”.

Por que é importante acreditar o que sabemos

“Porque cada vez é máis demandado. Por poñer un exemplo, é como se tentas entrar a facer unha obra sen o certificado de Prevención de Riscos Laborais. Non te van deixar entrar. Pois isto é o mesmo. E a maiores, é importante porque a longo prazo o que imos a conseguir con isto é cribar a competencia desleal e o ‘intrusismo’ laboral. Hai certos oficios que parece que os sabe facer calquera, e non é así. Dentro de pouco esixirán que tamén os carpinteiros, ou un pintor, ou calquera outro profesional, emitan un boletín oficial. E sobre todo tal e como estamos avanzando a nivel de integración en Europa, cada día vai a ser máis necesario ter recoñecidas as competencias. Iso si, que ninguén considere que isto é unha oposición, porque aquí non se compite con ninguén, só se vén a acreditar o que un sabe. Dáse a circunstancia de que hai grandes profesionais que no seu momento non tiveron a oportunidade de estudar, pero que desenvolven o seu traballo mellor que ninguén. Pois diso se trata, de recoñecer sobre un papel o que sabes facer para poder presentado ante calquera organismo oficial que cho requira”.

Como xurdiu o proceso

“Isto comezouse a facer hai sete anos, cando todas as persoas que realizaban traballos de axuda a domicilio tiñan que ter acreditación de competencias obrigatoriamente, e quen non as tivera non podía exercer. Comezouse así, e ao mesmo tempo nós empezamos coa acreditación no mundo da madeira –Carpintería e Moble–, na sede da Coruña, en Someso. Non obstante, na actualidade hai sedes de acreditación en varios puntos da comunidade e pódense acreditar competencias de diferentes ámbitos. Hai case tantos ámbitos que se poden acreditar como ramas de FP existen. E non só iso. Fíxate se é importante que hoxe en día está vindo xente de toda España a acreditarse aquí en Galicia, porque o procedemento de acreditación de competencias de todas as ramas só se fai na nosa comunidade. E o máis sorprendente é que está vindo xente de Baleares, de Toledo, Lorca, Ávila, Ponferrada ou Segovia, mentres que en sete anos que levo participando na fase de asesoramento nunca veu ninguén da Terra de Melide. As persoas que viñeron máis próximas á Terra de Melide foron unha de Arzúa e outra de Vila de Cruces”.

Iglesias participa no proceso como asesor na rama de Carpintería e Moble

“Agora mesmo creo que temos 52 persoas para o proceso de acreditación de competencias en Madeira, e este é o sétimo ano que o facemos. Eu colaboro coa sede de Someso, e o que realmente fago é que, a toda esa xente que se presenta concretamente ao proceso de acreditación de carpintería, despois da reunión grupal manteñen un encontro individual comigo onde eu analizo os seus currículos, os cursos que fixeron, fágolles un resumo e despois van á proba a Coruña. O meu traballo é falar con eles e asesoralos, e ese traballo, ese proceso de asesoramento, déixanmo facer aquí no IES en Melide, así que dende Melide atendo a todas as persoas da zona sur de Galicia que desexen acreditar as competencias en Carpintería e Moble.

No caso concreto de Carpintería e Moble destacar que son sete unidades de competencia, que serían como sete materias. Entón, a unha persoa que se presente a estas sete unidades de competencia e as aprobe, xa lle darían varios carnés de profesionalidade, pero a maiores, unha vez aprobadas estas sete unidades de competencia, se se matriculan aquí no ciclo de Madeira de Melide en tan só dúas materias teóricas e as aproban, xa terían o ciclo. Así de práctico. E no caso de que tan só necesiten o carne de profesionalidade e non o ciclo, xa o sacan en tres pasos: van a unha reunión grupal á Coruña, realizan a fase de asesoramento aquí comigo, volven á Coruña para facer a práctica e listo”.

Onde atopar máis información

“Eu estou aquí no IES de Melide en horario de mañá, para recibir a calquera persoa e de calquera rama, aínda que a miña sexa a da madeira. E logo tamén está a páxina web www.edu.xunta.es/fp”.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Populares e socialistas difiren sobre a oferta de Formación Profesional

O PP rexeita no Parlamento ampliar a FP no IES de Melide cun grao de Sistemas Microinformáticos e Redes

Populares e socialistas difiren en canto á oferta de Formación Profesional en Melide. Na Comisión do Parlamento de Galicia celebrada días atrás a viceportavoz do Grupo Popular, Paula Prado, manifestou que a dotación de novos ciclos formativos no IES de Melide "debe responder a criterios obxectivos, técnicos e froito do consenso, non a criterios localistas e menos partidistas".

Paula Prado xustificou así o voto en contra do grupo popular á Proposición non de Lei do grupo socialista para implantar o grao medio de Sistemas Microinformáticos e Redes no IES de Melide. Así mesmo, explicou que estes cursos xa existen nos IES de Curtis e de Monterroso, con prazas vacantes nos dous casos, polo que considerou "máis coherente estudar a posibilidade de mudar a oferta de ciclos formativos se a demanda así o require, pero non poñendo en marcha ciclos xa existentes na contorna e con prazas vacantes". Paula Prado tamén indicou que no caso do IES de Melide "nunca solicitou á Consellería de Educación a posta en marcha e impartición deste ciclo".

Pola súa parte, o deputado e portavoz de Educación do grupo socialista no Parlamento, Luis Álvarez, cualificou de "incomprensible" que o PP vetase na Comisión parlamentaria a súa proposición non de Lei para implantar dito grao no instituto melidense. Álvarez xustificou a implantación deste ciclo en que "a comarca conta cunha natalidade estable, é unha ensinanza cunha das porcentaxes máis altas de inserción laboral, é polivalente e, ademais, o centro conta cos espazos necesarios para implantar este ciclo formativo de acordo co decreto que o regula".

Do mesmo xeito, José A. Prado, voceiro do grupo municipal socialista, incidiu no feito de que "Melide, en relación cos pobos do seu entorno no interior de Galicia, ten un desequilibrio notorio na oferta de formación profesional, o que require de medidas concretas por parte da Xunta de Galicia para ampliar as posibilidades de elección do alumnado". O voceiro socialista asegurou que farán que "o Pleno Local se pronuncie" e afirmou que "unha vez máis o PP amosa o nulo interese que ten no futuro de Melide".

A proposición non de Lei para implantar o ciclo no IES de Melide contou cos votos a favor de En Marea e a abstención do BNG, aspecto que lamentaron dende o PSOE.

Máis de 61.000 euros para mellorar a rede de saneamento de varias rúas

O Concello de Melide investirá un total de 61.745,09 euros nas obras de renovación e mellora da rede de recollida de pluviais e saneamaento en varias rúas do municipio. Os traballos, que xa comezaron, teñen un prazo de execución de tres meses e consisten na separación da rede de pluviais e saneamento na rúa Rosaleda, que actualmente usa un sistema unitario, e na renovación deste na rúa Melide di Lugano. Así, a rúa Rosaleda manterá o servizo de saneamento actual, con saída ao Cantón de San Roque, e implantarase unha nova rede de saneamento a maior profundidade con dirección á rúa Gaiteiros os Garceiras, aliviando deste xeito o funcionamento da EDAR.

Por outra banda, prevese construír unha nova rede de pluviais cos seus respetivos sumidoiros que quedará conectada á rede da rúa Gaiteiros os Garceiras.

Ao mesmo tempo mellorarase a sinalización horizontal das rúas afectadas polos traballos de saneamento, así como a da contorna da praza das Universidades, a rúa Galicia e a rúa Taboada Roca.

A alcaldesa de Melide, Dalia García, anunciou tamén que "no prazo non superior a un mes comezarán as obras do Cantón de San Roque" .

Parque infantil

Comezaron en Melide as obras de acondicionamento do parque da urbanización Taboada Roca, consistentes na rehumanización deste espazo dotándoo do equipamento axeitado e da instalación de pistas de pádel.

Estas melloras suporán un investimento de 117.000 euros cos que se restaurará a zona con novos elementos de xogo e caucho no pavimento. Tanto o pavimento como os novos elementos do parque estarán homologados, con zonas diferenciadas para distintas idades. A maiores do parque infantil tamén se instalarán as pistas de pádel que actualmente se atopaban no parque Rosalía de Castro. As obras terán un período de execución de tres meses.

O "deixamento do goberno local", a exame na asemblea da AA.VV. Melidá

A Asociación Veciñal Melidá celebrou o pasado día 2 de marzo a súa asemblea xeral. Na reunión, á que asistiron medio cento de socios, os participantes tiveron a oportunidade de expresar as súas propostas e tamén queixas sobre "o deixamento do goberno local" en diferentes aspectos. "Tivemos a sensación de que a Asociación Veciñal Melidá comeza a ser vista como unha canle para denunciar problemáticas ou reclamar melloras na vida municipal melidense", indicaron dende a mesma.

Entre as queixas recollidas destacan algunhas relacionadas coa seguridade viaria, as beirarrúas ocupadas por vehículos e terrazas de bares, a instalación caótica dos postos de feira ou dos colectores de lixo que impiden a visibilidade aos coches en pasos de peóns e cruces, ou o ruído "insoportable" nas festas do San Roque producido polas orquestras e as atraccións. Outro dos temas que xurdiu na asemblea foi o de "estudar os focos de contaminación do río Furelos e fiscalizar as declaracións do Concello ao respecto, xa que constatamos que a pesares de que Augas de Galicia deu a cualificación de 'insuficiente' ás augas da praia fluvial nos últimos anos, o goberno local puxo carteis nos que poñia que as augas eran aptas para o baño", indicaron.

A maiores disto hai que destacar que a Asociación Veciñal Melidá colaborará co Sindicato Labrego Galego nun proxecto de recuperación de froiteiras autóctonas da Terra de Melide.

Pola súa parte, dende a organización aseguraron que continuarán a traballar "para a consecución dun espazo para o uso das asociacións que non teña que depender do beneplácito ou permiso do Concello"; e é que dende o consistorio foilles denegada a sala de conferencias do Edificio Multiusos para a celebración da asemblea, que finalmente tiveron que levar a cabo nas instalacións de Asetem. Ante esta negativa, dende a Asociación xa solicitaron formalmente explicacións á alcaldía, ao mesmo tempo que presentaron unha queixa "pola denegación de uso, polo xeito de comunicalo e pola tardanza en facelo".

Preto de 280.000 euros para a reparación dunha vintena de vías

O Boletín Oficial da Provincia publicou a licitación de dous proxectos que financia o Plan Único da Deputación no Concello de Melide para acondicionar diversas vías, que corresponden tanto a pistas en zonas rurais coma a rúas do casco urbano. As obras, que contan cun orzamento total de 277.674 euros, consistirán na reparación de 16,5 quilómetros de estradas de titularidade municipal, que presentan estragos provocados por factores como o paso de maquinaria e vehículos pesados, a elevada densidade de tráfico ou as condicións meteorolóxicas.

O primeiro proxecto, que se licita por 154.388 euros, inclúe obras en preto de nove quilómetros de vías repartidos entre 14 camiños. Trátase das pistas de acceso aos núcleos de Traspedra, O Real Vello, A Garea, O Real, a granxa do Barreiro e os muíños de Trasmundi e Catasol, así como as vías de Cobas-Vilaverde, Pedrouzos-Loures, Loures-Gondollín e os camiños de Gondollín, O Requeixo, O Agro e Richinol.

Por outra banda, licítase por 123.285 euros outro paquete de obras en oito estradas municipais, que suman 7,5 quilómetros. Neste caso, inclúense as pistas de acceso á escola de Baltar, o Pazo de Tarrio, O Alto, Maceda e Saville, así como as vías de Baltar a Uveira, Castiñeiro a Casas Novas e Xuvial á AC-840.

Os traballos consistirán na apertura e limpeza das cunetas e os bordos a ambas marxes das vías, así como na reparación das fochancas e a pavimentación do firme.

Novo acto de vandalismo no río Furelos ao tirar á auga os sinais do couto

A Asociación de Troiteiros Río Furelos de Melide denunciou un novo acto de vandalismo ao atoparse cos sinais do couto tirados na auga. "Este tipo de actuacións son repetitivas", indicaron, e apuntaron ao gasto que supón restablecelos. "Alén do gasto que supón recuperar os sinais, uns 500 euros, está o traballo e o tempo que os socios empregan en que o río Furelos presente o seu mellor aspecto para que gocen del todos os veciños e visitantes", explicaron.

Ante esta nova falta de civismo quixeron subliñar que "estes actos van contra o interese dos veciños e veciñas" porque o "o custo da reparación dos danos repercute en todos". Do mesmo xeito, insistiron en que seguirán traballando a prol do río; "non nos van cansar, non nos imos marchar, que abandonen esa idea porque tanta xente non percorreu este camiño para que fique en nada".

Os sinais apareceron somerxidos na auga

Renovación como entidade colaboradora

No seu labor de conservación e recuperación do río Furelos hai que destacar que a Asociación de Troiteiros Río Furelos vén de renovar a súa condición de entidade colaboradora de Pesca Fluvial coa Xunta de Galicia por un período dun ano.

Ademais, dende a entidade anunciaron que xa está aberto o prazo para o sorteo de coutos do río Furelos para a tempada 2018. Para apuntarse hai que chamar ao 696607348 ou enviar un correo ao enderezo electronico asociaciontroiteiros@gmail.com. O sorteo realizarase no bar Xaneiro o domingo 11 de marzo ás 19.30 horas.

Queixas pola non substitución do pediatra cando este ten que ausentarse

"Non é nada novo, é unha situación que levamos padecendo dende hai anos", relatan usuarios do servizo de pediatría do centro de saúde de Melide, que temen que coa chegada das vacacións de Semana Santa se multipliquen os problemas. Denuncian a non substitución do especialista cada vez que este ten que ausentarse. "Cando vas dinche que non está e non hai outra solución, dinche que volvas dentro duns días pero tampouco che aseguran que vaia estar, así que non sabes que facer". Aseguran que ante unha urxencia a única solución posible é ir a Santiago. "Se é algo urxente derívante a Santiago e non hai outra alternativa", explican, "e temos constancia de que é un problema frecuente que padecemos moitos pais e nais, de feito cónstanos que no seu momento xa se puxo algunha reclamación".

A mesma situación vén de denunciar a Asociación de Pediatría de Atención Primaria (AEPap), dende a que alertan que o "modelo actual de asistencia infantil nos centros de saúde está en perigo pola falta de previsión, planificación e deficiente uso dos recursos por parte das administracións sanitarias". No caso de Melide os nenos que quedan sen cobertura vense obrigados a desprazarse a outros concellos limítrofes como o de Arzúa.

Cortes de tráfico por mor das obras

O vindeiro 15 de marzo está previsto que comecen as obras da rúa San Antón. Estas actuacións afectarán ao mercado dominical, xa que os postos de alimentación que se sitúan na rúa San Antón serán trasladados á praza das Coles, mentres que os postos de téxtiles serán colocados na travesía do Convento. Os postos emprazados na rúa da Alhóndiga continuarán no mesmo lugar, xa que esta rúa permanecerá pechada ao tráfico, con excepción dos servizos do velorio municipal e os residentes. Por outra banda, o tráfico rodado da rúa Mateo Segade Bugueiro, rúa México e Camiño das Cabadas, será de dirección única e só se permitirá o estacionamento para carga e descarga, e desviaranse os vehículos por Sabián dirección á Nacional-547 ou pola rúa do Carme, onde se sitúa o Castelo. A estrada San Antón, quedará cortada á altura do Albergue de Peregrinos da Xunta de Galicia. Salvo excepcións non se permitirá o tráfico rodado na praza do Convento. A travesía do Pozo Pequeno tamén será acondicionada, polo que tamén se cortará o tráfico.

Un desfibrilador para o servizo de Protección Civil

Os servizos de Protección Civil de Melide veñen de reforzar as súas infraestruturas coa incorporación dun desfibrilador. O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, entregaron un total de 157 desfibriladores a bombeiros comarcais, GES e Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil, entre as que se atopa a de Melide, co fin de que os concellos galegos poidan contar cos mellores equipos de resposta ante unha emerxencia. Dalia García, alcaldesa de Melide, agradeceu o apoio da Xunta ao servizo municipal de Protección Civil e indicou que "estamos estudando a posibilidade de dispoñer de máis desfibriladores noutras instalacións públicas do municipio". Despois da entrega, dous voluntarios de Protección Civil de Melide participaron nun curso formativo sobre a utilización dos mesmos.

Inaugurado o aparcadoiro destinado a autocaravanas



O espazo destinado a estacionamento de autocaravanas, situado no campo da feira, quedou inaugurado o pasado mes de febreiro trala celebración en Melide da Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación Galega de Autocaravanas. Na contorna habilitada para tal fin reuníronse máis de cen vehículos durante os dous días que durou a concentración. Ao longo da fin de semana máis de 200 persoas gozaron do ocio na vila, aproveitaron para visitar o Mercamelide (que se celebrou nas mesmas datas), fixeron un treito do Camiño de Santiago e visitaron o mercado do domingo. A posta en marcha da área de autocaravanas permite ademais de ofrecer un servizo de carácter público aos condutores, recuperar un amplo espazo que ata o momento se atopaba en desuso. A reorganización do espazo consistiu en sinalizar prazas de maior dimensión para autobuses, camións, autocaravanas e caravanas.

FESTIVOS LOCAIS MELIDE (2018)

- **29 de xuño**

(venres)

San Pedro

- **16 de xullo**

(luns)

Día do Carme

Continúan as avarías na barcaza que cruza o encoro de Portodemouros

Sen noticias da Xunta, os afectados agardan agora por unha nova reunión coa conselleira de Medio Ambiente

Despois da reunión mantida hai unhas semanas coa conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, na que estiveron presentes tanto o alcalde de Santiso como o de Vila de Cruces, e un representante da Asociación de Afectados do Encoro de Portodemouros, o malestar xeral entre os usuarios que empregan a barcaza neste paso é evidente.

Segundo explicou José Luis Carril, voceiro da plataforma de afectados, "a conselleira tomou nota das nosas demandas pero non se comprometeu a nada porque ela non ten competencias neste asunto, polo que xa solicitamos unha reunión coa conselleira de Medio Ambiente, a quen lle compete o tema, e agora estamos á espera de que nos reciba".

Mentres agardan noticias da Xunta as avarías volven a ser unha constante. "No que levamos de 2018 xa se avariou o barco un día", explica Carril, "neste caso só foi por unhas horas, pero ao longo de 2017 sufrimos catro avarías que chegaron a interromper o servizo durante varios días", engade. "E non só é iso, ás continuas avarías que interrompen a navegación hai que sumarlle outro problema máis grave, que son unhas ramplas de acceso que non contan co ancho suficiente para dar servizo a vehículos de grandes dimensións".

Queixas polo servizo que presta a concesionaria

Xa o pasado mes de xaneiro representantes da Asociación de Afectados trasladaron aos alcaldes de Santiso e Vila de Cruces as súas demandas, entre as que se atopaban a seguridade nas ramplas, melloras na iluminación dos accesos e tamén na sinalización.

Pero as súas queixas van dirixidas á compañía que xestiona e explota o encoro. "Nós non lle estamos pedindo cartos á Xunta, porque a solución a este problema non pasa polos orzamentos da Xunta; isto é un problema con cargo aos beneficios da explotación do paso que xestiona Fenosa. Dita compañía ten aí un beneficio económico importante, así que con cargo a eses beneficios ten que manter o paso, e mantelo en boas condicións; e non é porque o diga eu, é porque está na concesión e é unha norma de obrigado cumprimento", insisten dende a plataforma.

Ao longo do ano son miles de pasaxeiros os que usan esta infraestrutura para curzar o encoro

Dende a Asociación de Afectados do Encoro de Portodemouros tamén amosaron a súa sorpresa e indignación ante o feito de que dende a Consellería de Medio Ambiente non se esixa o cumprimento dos acordos establecidos na concesión. "Non deberíamos estar os veciños reclamando a prestación deste servizo, porque o responsable de que se cumpran as condicións da concesión é a Xunta, neste caso a Conselleria de Medio Ambiente".

Pola súa parte, Carril amosouse convencido de que antes ou despois se chegará a unha solución, "non contemplamos que un goberno que ten unhas obrigas legais non as cumpra. Isto é un servizo público e é a Xunta a que ten que mirar por el. De non ser así e non solucionarse habería que tomar outro tipo de medidas, pero non contemplamos ese escenario".

Preto de 1,8 millóns de euros para a conservación do mosteiro de Sobrado

Máis que un lavado de cara. Iso é o que se vai acometer no mosteiro de Sobrado dos Monxes, e é que a Xunta de Galicia prevé investir preto de 1,8 millóns de euros na súa restauración, conservación e posta en valor. Así o recolle o Diario Oficial de Galicia onde se publicou xa a licitación dos traballos.

O proxecto define unha actuación integral onde se contemplan aspectos como "a eliminación das filtracións de auga, das humidades e da contaminación existente na cantería histórica así como de sucidade e depósitos tanto no exterior como no interior da igrexa".

Tamén se solucionarán "as patoloxías de colonización biolóxica nas torres e portadas da igrexa, e nas capelas de san Xoán, Rosario, na sancristía e nos demais elementos escultóricos existentes tanto no exterior como no interior da igrexa, e as que afectan ao retablo da capela do Rosario, que será restaurado".

Vista xeral do mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes

Outras actuacións

Ademais, eliminaranse os elementos distorsionadores e alleos á natureza do ben, tales como o almacén limítrofe coa capela de san Xoán, que se demolerá. Así mesmo, melloraranse as condicións de habitabilidade e accesibilidade da igrexa e acondicionarase como espazo de lectura a antiga capela dos monxes no claustro da Hospedaría.

Unhas obras xa anunciadas en 2016

Coa licitación dos traballos retómase a previsión de executar unhas obras xa anunciadas no mes de outubro do ano 2016, cando o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, asegurou que o proxecto estaría listo no ano 2017. Por aquel entón a inversión anunciada ascendía a un millón de euros que servirían, entre outras cousas, para solucionar os problemas estruturais do mosteiro tales como as humidades e as filtracións de auga.

Ben de Interese Cultural

O obxectivo desta actuación, que se desenvolverá en tres anualidades, é recuperar o esplendor do conxunto monumental. Non en balde, ademais de ser recoñecido como ben asociado aos Camiños do Norte na Lista do Patrimonio Mundial, o mosteiro de Sobrado dos Monxes é Ben de Interese Cultural (BIC) dende 1931 e, polo tanto, goza da máxima protección legal.

O importe de licitación das actuacións, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (80 %), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, ascende a case 1,8 millóns de euros.

Actuacións no concello de Sobrado

MELLORAS NOS LOCAIS SOCIAIS

O persoal de obras do Concello de Sobrado procedeu, días atrás, ao acondicionamento de varios inmobles municipais. Entre outros traballos, eliminaronse as humidades e pintouse o local social de As Casiñas, en Porta.

INFORMACIÓN DOS RESIDUOS

Por outra banda, dende o Concello realizouse o acondicionamento do recinto do Punto Limpo, así coma dos seus contedores. Para levar a cabo esta actuación tivo lugar unha charla previa cos traballadores para organizar a recollida dos residuos.

Escaso apoio na comarca á folga feminista do día 8 de marzo

O Día Internacional da Muller deste 2018 quedará marcado pola folga feminista convocada a nivel mundial. Non obstante, a repercusión que tivo na comarca foi escasa, exceptuando algúns paros parciais. Dende os Concellos de Melide, Santiso, Sobrado e Toques non foi especialmente seguida, así como tampouco dende a patronal, xa que entre os empresarios poucos foron os que se sumaron a esta xornada de paro.

É máis, concretamente no Concello de Melide convocouse un pleno extraordinario para ese día, motivo polo que dende a oposición, o BNG amosou publicamente o seu malestar ante a data elixida, xa que dende a formación política si secundaron a folga.

O mesmo fixeron un grupo de mulleres da comarca que paralelamente se concentraron ás portas do Concello de Melide á hora na que estaba convocado un dos primeiros paros.

Outro dos aspectos destacados foi a carencia de actividades para conmemorar o 8 de marzo. Tan só no Concello de Melide tiñan previsto organizar unha andaina solidaria que finalmente tivo que ser aprazada por mor da choiva. O que si se mantivo foi a cea de homenaxe ás mulleres rurais que se celebrará o venres día 9 nun restaurante da vila.

Recoñecemento ás mulleres do rural

No transcurso desta cea realizarase unha homenaxe ás asociación rurais da vila, actualmente catro: A Asociación de Mulleres Rurais de Melide, A Asociación ARUME, a Asociación Alecrín e a Asociación Catasol.

Representantes destas catro asociacións estarán presentes na cea para reinvindicar o papel da muller rural na sociedade actual e poñer en valor o traballo que realizan e que levan realizando ao longo dos anos.

O evento está aberto a todas as veciñas de Melide que queiran compartir esta xornada de confraternidade.

Dalia García, alcaldesa de Melide, a concelleira de Igualdade e Benestar da localidade, María Jesús López, e outros membros da corporación municipal, así como a conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, e máis de medio centenar de veciñas xa confirmaron a súa asistencia á celebración.

EVOLUCIÓN DO PARO NA COMARCA

	Parados mes febreiro	Parados mes xaneiro	Parados Homes	Paradas Mulleres	Parados menores de 25
MELIDE	468	474	194	274	25
SANTISO	95	91	42	53	4
SOBRADO	72	72	40	32	4
TOQUES	62	61	29	33	5

PARO POR SECTORES

	MELIDE	SANTISO	SOBRADO	TOQUES
Agricultura	32	10	2	6
Industria	57	15	11	4
Construción	47	11	9	13
Servizos	292	54	47	32
Sen emprego anterior	40	5	3	7

Santiso levará ao Pleno a bonificación a empresas para que se instalen no municipio

No pleno do Concello de Santiso que se celebrará o vindeiro 13 de marzo vanse modificar as Ordenanzas fiscais do municipio a fin de poder ser considerado "Concello Doing Bussines Galicia".

O obxectivo é formar parte do marco de colaboración coa Xunta de Galicia na implantación e fixación de empresas en Santiso, para o cal se establecen una serie de bonificacións como poden ser do 95% no I.B.I., I.C.I.O e no IA.E. no caso da implantación dunha nova actividade económica ou a ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego ou a non suxeición a autónomos ou empresas que desenvolvan actividades económicas incluídas no eido da industria por exemplo, e que tamén supoña creación de emprego en taxas de servizos urbanísticos ou de apertura de establecementos.

Está por outra banda o compromiso do Concello de resolver as licenzas de obra maior no prazo máximo de 30 días naturais, cando se trate da construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, dende que o Concello dispón de toda a documentación e os informes sectoriais preceptivos.

Con estas medidas por parte do Concello de Santiso preténdese dinamizar os ámbitos económico, cultural e social. Ademais de que a implantación de empresas no polígono industrial de Santiso suporía aumentar a poboación e un descenso na sangría demográfica que padece todo o interior coruñés.

A estratexia de desenvolvemento do solo urbanizable industrial en Santiso busca o obxectivo de xerar novo solo para actividades empresariais, recollendo as necesidades deste solo que existen na bisbarra, xa que o desenvolvemento do mesmo será en función das necesidades de superficie das empresas que se queiran instalar na mesma.

O sector de solo urbanizable S-02 de uso industrial cunha superficie de 258.831 metros cadrados emprázase nas inmediacións do enlace entre a futura autovía Santiago-Lugo, a través da cal se aproxima a Santiago de Compostela e Lugo a menos de 25 minutos, e a estrada DP-4603, cun acceso rápido tanto para o Aeroporto de Lavacolla como para a conexión ferroviaría do AVE, e coa previsión dunha depuradora e subministro de auga que fan unha ocasión moi favorable para que empresas de distintos sectores se instalen nel favorecendo a creación de emprego e dinamizando unha comarca moi desfavorecida tanto economicamente como socialmente.

Dende o Concello de Santiso agardan que a futura entrada en servizo da autovía Santiago-Lugo mellore a potencialidade do municipio dende o punto de vista das comunicacións e, por extensión, de cara á implantación de actividades industriais e empresariais.

Sabina López, veciña de Toques, celebra o seu 100 aniversario

Non se cumpren anos todos os días, e menos un cento. No concello de Toques, Sabina López Salgado pode presumir de tan lonxeva celebración. Naceu o 13 de febreiro de 1918 na Bragaña, na casa de Felipe. Contraeu matrimonio aos 25 anos con Manuel de Portolar, con quen estivo casada durante case 70 anos, e tivo cinco fillos, 15 netos e 17 bisnetos. Foi ademais unha das primeiras persoas que acudiu á escola do Piollo, aínda que durante pouco tempo. Despois ensinou a sumar, a restar e a escribir aos máis cativos. E non só iso, como anécdota Sabina lembra que escribía as cartas aos mozos para que llas mandaran ás mozas. Na celebración do seu 100 aniversario Sabina López estivo rodeada da súa familia e tamén do alcalde de Toques, Miguel Ángel Buján, e o tenente de alcalde, José Ángel Penas.

Ata o vindeiro 30 de abril xa poden solicitarse as axudas da PAC 2018

Ata o vindeiro 30 de abril uns 33.000 beneficiarios poderán solicitar as axudas da PAC 2018 (Política Agraria Común) en Galicia, despois da publicación no Diario Oficial de Galicia da orde da Consellería do Medio Rural.

Son un total de 190 millóns de euros e entre as principais novidades que presenta esta convocatoria, cabe destacar que se establece unha nova definición para os pastos permanentes. Así, para as superficies de pastos arbustivos ou con arboredo, xa non é exixible a predominancia de cuberta de herba ou forraxes herbáceas, sempre e cando as especies arbustivas ou arbóreas sexan utilizadas na alimentación do gando. Por outra banda, no que respecta ás axudas a zonas con limitacións naturais (ZLN) distintas das zonas de montaña, destaca o incremento no número de concellos nos que os agricultores e gandeiros poderán beneficiarse da achega, pasando de 89 a 179.

O prazo para presentar a solicitude única prolóngase ata o vindeiro 30 de abril, sendo obrigatorio facelo por vía electrónica e dirixida ao Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) a través do formulario que se pode atopar en https://sgapac.xunta.es.

Unha vez finalizado este prazo e ata o 31 de maio os solicitantes poderán presentar peticións de modificación para eliminar, cambiar ou engadir réximes de pagamentos directos, medidas de desenvolvemento rural, parcelas individuais ou dereitos de pago individuais.

Melloras na estrada que une Folladela e Sobrado

A Consellería do Medio Rural investiu máis de 115.000 euros na pavimentación dunha pista de Melide, entre Folladela e Sobrado, que permitiu mellorar a conexión e a seguridade viaria entre ambos concellos. O investimento foi posible grazas ao Plan de Infraestruturas Rurais (PIR), que no 2017 estivo dotado con 4,7 millóns de euros. Este proxecto deu continuidade á obra levada a cabo na mesma estrada con cargo ao Plan de emerxencias para a mellora, arranxo e posta en valor de camiños municipais de 2016.

Naquel momento investíronse máis de 60.000 euros na mellora da pavimentación nun tramo desta vía e agora completouse ata o límite do concello. En total interveuse sobre 3.123 metros de lonxitude e 4,5 de ancho.

Esta foi unha das actuacións desenvolvidas dende a Consellería do Medio Rural para mellorar a comunicación entre concellos limítrofes desta contorna, pero con cargo ao PIR 2017 está prevista a execución con preto de 76.000 euros dunha ponte sobre o río Iso entre Mella e Baltar que conecta Arzúa e Melide. Unha iniciativa similar levarase a cabo entre Melide e Toques, onde se recuperará a ponte sobre o río Furelos. Neste caso está previsto que o custe da obra ascenda a 300.000 euros xa que require construír de novo toda a infraestrutura. En relación a esta última ponte sobre o río Furelos, estaba previsto que a súa execución rematase no pasado ano, tal e como anunciaron dende Medio Rural, logo de asinar un convenio de colaboración co alcalde de Toques para a súa renovación.

Medio Rural convoca a segunda edición dos premios Exceleite

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a orde pola que se convoca para este ano 2018 a segunda edición dos galardóns á excelencia da calidade hixiénico-sanitaria de produtores de leite cru de vaca; os premios Exceleite.

Estes premios distinguen ás explotacións en tres categorías en función do seu tamaño (pequenas, medianas e grandes) e a súa vez estas subdividiranse cada unha delas en tres grupos segundo o sistema de produción (intensivo, semiextensivo ou extensivo). Recoñeceranse tamén especificamente as mellores explotacións ecolóxicas.

Poderán optar a estes recoñecementos todas as explotacións leiteiras de gando vacún de Galicia que realizan os seus autocontrois de calidade no Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (Ligal), de tal xeito que consten na base de datos deste laboratorio os resultados das mostras de leite correspondentes ao período de referencia. As explotacións deberán atoparse de alta no Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada (Recaldi) e, no caso das ecolóxicas, deberán estar inscritas no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega), así como cumprir outras características técnicas que se detallan na convocatoria.

SMART TONIC®

LA ESTRELLA DE LAS GAFAS

1 GAFA SMART TONIC® Y 2 SMART CLIPS a elegir entre:

Clip Polarized, Blueblock, Nightdrive, Sun, Precision y 3D*.

MODELOS PARA HOMBRES, MUJERES Y NIÑOS.

*La oferta SMART TONIC® incluye 1montura SMART TONIC® y 2 Smart Clips con P.V.P. máx. recomendado de 149€. P.V.P. máx. recomendado por cada clip adicional: 20€. Válido en ópticas ALAIN AFFLELOU de España y Andorra del 19/02/2018 al 31/12/2018. Ver condiciones en óptica.

RONDA DA CORUÑA, 16 · MELIDE
981 50 60 97

EN EXCLUSIVA EN
ALAIN AFFLELOU

A Anpa do Nº 3 fíxose co 1º premio no concurso de Entroido de Melide

Un ano máis podemos afirmar que o Entroido de Melide é un dos máis concorridos, e todo pese á choiva que non foi quen de apagar as ganas de troula dos asistentes ao Pazo de Congresos o martes 13 de febreiro.

Por terceiro ano consecutivo a comparsa da ANPA do colexio Mestre Pastor Barral, formada por máis de medio cento de persoas entre cativos e adultos, alzouse co primeiro premio, dotado con 1.000 euros. Se na edición do 2016 lograron a vitoria recreando un circo italiano e no 2017 unha colorida comunidade hippie, este ano conseguírono coa posta en escena da *Feira de Abril*. Non faltou o típico '*tablao*' sevillano, nin a praza de touros, nin os habituais postos desta feira, entre outras recreacións.

A *Feira de Abril*, 1º premio de comparsas, sobre o escenario do Pazo de Congresos (Fotos: Turismo Melide)

Pola súa parte, na categoría de comparsas o segundo premio (dotado con 700 euros), foi para *Lego Superheroes*, chegados dende Cerceda, e que recrearon á perfección as famosas fichas de Lego con diferentes superheroes como Superman ou Batman.

Na categoría de grupos o primeiro premio de 400 euros foi para *Atraccións de Feira*, onde veciños de Toques e Melide recrearon unha auténtica feira por medio das súas atraccións: unha nora, un carrusel, un posto de algodón de azucre e mesmo coches de choque. O segundo premio nesta categoría, 300 euros, foi para *Atravesando as nubes*.

Por outro lado, o primeiro premio da categoría individuais e parellas, dotado con 150 euros, foi para *La Ira de una Diosa*, chegado dende Lugo, cun disfrace feito con látex, aluminio e cartón pedra. O segundo premio, 100 euros, foi para dúas veciñas de Arzúa co disfrace *Espantacorvos*.

Cabe destacar que os integrantes do Centro Ocupacional de Melide tamén se presentaron ao concurso, onde se lles fixo entrega dun detalle especial en agradecemento pola súa participación ano tras ano.

O concurso de Entroido de Melide estivo conducido polo humorista e presentador galego Isi Rodríguez e en total repartíronse 2.650 euros en premios.

Lego Superheroes, 2º premio na categoría de comparsas

Atraccións de Feira, 1º premio da categoría de grupos

Espantacorvos, 2º premio da categoría de individuais e parellas

Rapaces e rapazas do Centro Ocupacional de Melide percorreron as rúas disfrazados

Recambios VULCANO

Tfnos.: **981 506 218**
637 210 110
677 409 007

Avda. de Lugo, 99
15800 **MELIDE**
(A Coruña)
recambiosvulcano@gmail.com

- Recambios agrícola, camión, vehículo, industrial
- Hacemos todo tipo de latiguillos hidráulicos
- Distribuidores Husqvarna

RECAMBIOS SANDO
JUAN JOSÉ SEGADE VILAR

Continental
Gulf
TOTAL
LUK
TRW Automotive

Tfnos.:
981 50 54 19
659 36 78 60

Avda. de Lugo, 4 bajo B
15800 Melide (A Coruña)
sandomelide@hotmail.com

De onte, de hoxe e de sempre
Todo para o teu coche

Entroido 2018 NA COMARCA

Entroido en Melide (Fotos: Turismo Melide)

Entroido en Santiso (Fotos: Concello de Santiso)

Entroido en Sobrado (Fotos: Concello de Sobrado)

Entroido en Toques (Fotos: Concello de Toques / Y.P.G.)

A xustiza... O Entroido de sempre

"...CADA DÍA É MENOS CEGA E MÁIS INXUSTA A CADA HORA..."

O Entroido máis tradicional de Melide, organizado pola Asociación Curuxás, fixo acto de presenza un ano máis na Praza das Coles, onde por suposto non faltaron as coplas coas que Manolo Parrado e Amiguete repasaron, a modo de crítica social, a actualidade. Opcións tiveron este ano para centrar o seu obxectivo, mais a escollida para rematar no medio das lapas foi "unha xustiza inxusta e medio cega".

A un dos temas que máis controversia xerou no pobo o pasado ano comezou facendo alusión Amiguete, a central de biomasa: *"e difícil neste pobo facer unha asociación, pero si que nos unimos se nos tocan os collóns. Xa pasou cos irmandiños contra toda a nobre casta e volveu pasar agora contra os da biomasa. E por falta de papeis estes non van á cadea e por pouco mai que iso ano e medio a Soqui cea".*

Continuou o seu repaso Amiguete coa problemática das augas fecais: *"e xa postos a furar que miren polos veciños, que a algún en Santamaría chégalle a merda os fuciños. E despois do instituto tamén nos rebosa a merda, falo das augas fecais, non do prezo das carreiras. A pesar deses residuos o instituto está moi sano, celebrou con ex-alumnos que cumpriu 50 anos".*

Tampouco se esqueceu Amiguete das obras municipais nin da autovía: *"non se entende o traslado á urbanización de Roca, pero os amantes do pádel tocáronlles as pelotas. En vez de tirar cos cartos, por qué non fan un frontón? Que xa o prometeu Pampín antes de ser senador. Daquelas contra Miguel ía un de casa rica, gran señor que nos deixou, el era Mingos de Pita. E tamén che fai ben anos que aprobaron a autovía, dende que eu fago o pregón, dáme pra facelas rimas. E parece que aínda queda material para uns anos, falta moito para unir melidenses e arzuanos. A falta dunha autovía aquí hai catro saídas, pra que fagan bon negocio os picoletos cada día. Xa sacaban unha pasta co soprar de toda a vida, fan agora mais negocio o mirarche a saliva".*

A actualidade da vila, tamén sempre presente: *"Despois vas polas cabadas e tamén fas moito mal, pensas que petas nun valo e é un muro medieval. Iso din dende o museo antes de volver pechalo, seguen sen chegar os cartos para abrilo todo o ano. Tamén por falta de cartos non se amaña o ambulatorio, e o que vai a por recetas atopa festa jolgorio".*

Público asistente atendendo ás coplas do pregón

Manolo Parrado e Amiguete durante o pregón na Praza das Coles

Fotos: AA.VV. Melidá

A Xustiza feita meco desaparecendo entre as lapas

E, como non, non faltou alusión ao tema estrela no ámbito da política: *"non é por falta de cartos que quede escaso o pregón, por máis que mirei xornais só falan de Puigdemont. Comezou a cousa en serio porque había gran demanda, e volveuse máis absurda que unha peli de Berlanga. O pobo sempre é o que perde cando hai 'fuego cruzado', e como os tontos teñen sorte que medrou foi Ciudadanos. E algúns dos cabecillas acabaron arrestados, outros por roubar millóns non están nin imputados. Presos políticos non son, son pasmóns de toda a vida, non se poden comparar co Miñanco máis co Ouviña. Tamén foron incautados artiluxios de impresión, ben se nota que non queda liberdade de expresión".*

Chegados ao final foi a quenda para a xustiza: *"agora si que xa fixen un resumo deste ano, aínda que non dixen nada do señor don Mariano. E por todo o que contei vai ó lume esa señora, cada día é menos cega e máis inxusta a cada hora. E din sempre os que gobernan que hai Estado de dereito, pero fan eles a lei e o supremo ó seu xeito. Se cada xuíz é independente con separación de poderes, non pode dicir Soraya que o PP fixo os deberes. Agora si que remato, este conto chega o fin, pido perdón coma sempre se a algún eu ofendín. Non protesten no Concello que non ten nada que ver, nin sequera se encargaron de poñernos no cartel. E por iso o voso apoio este ano é mais grande, que podendo ver a Isi, e viñestes a aturarme".*

Xunto ao pregón de Amiguete a lembranza máis emotiva foi para Mingos de Pita, falecido hai uns meses. E é que no *"Testamento do Antroido 2018"* Manolo Parrado non quixo esquecer a un *"Home de ben e xeneroso, desprendido e servicial, voluntario, sempre disposto, pacienzado e moi cabal. Das tradicións bon amante, das costumes protector, comprometido no presente, do pasado bon profesor. Que cabreos tes collido vendo algunha inxustiza, tamén temos disfrutado compartindo nas ledicias. Estarás por moitos anos presente no pensamento, quen te conoceu non te esquece, ben querido compañeiro".*

Á colaboración na parte musical de Herba Grileira e Gaiteiros do País sumouse este ano a Asociación Veciñal Melidá que, entre outras cousas, organizou unha chocolatada con filloas e rosquillas de Entroido o día da queima.

ESPAZO POÉTICO

Azul Abril Grasso Carregal

Azul Abril Grasso Carregal (Buenos Aires, 1999) é unha poetisa melidá que cursa 2º de Bacharelato no IES de Melide. O poema é froito dun obradoiro sobre a obra do poeta rianxeiro Manuel Antonio (1900-1930), proposto na asignatura de Literatura Galega do século XX.

"Metamorfose"

Camiñamos por un túnel escuro
a pesar de ser da cor da neve
Lévanme a unha das cen mil caixas
apiladas noutro universo que todos
todos eles
ignoran

Unha mazá podre son
para cada bata branca
que pousa
a súa
a t e n c i ó n
en nada máis
nin nada menos
que nun espello que todos
todos eles
ignoran

Déixanme na caixa
voltan cara o túnel
para recoller outra
das moitas mazás
p o d r e s
nas que algún día
se converterán

Cadáveres
chovendo
s a u d a d e

140 Aniversario da Banda de Música de Visantoña

CAPÍTULO V

Xosé Núñez, escritor e Presidente de Honra da Asociación Cultural Banda-Escola de Visantoña

No capítulo II desta serie de traballos, dedicados a poñer un grao máis aos numerosos actos que tiveron lugar no concello de Santiso o pasado ano 2017 para celebrar o 140 aniversario da Banda Popular de Música de Visantoña, figuraba como subtítulo: "A importancia de saber o porqué das cousas", e como aconteceu, en opinión deste servidor, o "milagre" de que a citada banda perdurara ininterrompidamente 140 anos. E é que pese a que sempre tivo moita falta de medios económicos, tivo a sorte de contar con varios directores de moi longa duración, como é o caso de Eugenio Pazos Reyes (Q.E.P.D.), sobre quen imos tratar neste capítulo e quen a dirixiu durante 39 anos.

Eugenio Pazos Reyes, fillo de músicos, procedía da Banda Popular de Música de Vea-Estrada (Pontevedra), da que era director, e recomendado polo que fora o seu profesor de música aceptou as condicións que lle propuxeron os músicos da de Visantoña, que foron falar con el a primeiros do ano 1995, polo que seguidamente se fixo cargo da batuta da de Visantoña e da Escola de aprendices.

O traballo deste home, calado, firme e sacrificado, constituíu unha verdadeira revolución en canto a cultura nesta comarca, reactivando o estímulo musical que naqueles intres se atopaba un pouco decaído. Pero como era algo que el levaba moi dentro e no que cría firmemente, non lle resultou moi difícil contaxiar da mesma ilusión ás demais persoas relacionadas coa música, sobre todo cando demostrou estar por enriba do lucro material que a actividade puidese producir.

Deulle un gran pulo á Escola de Música (a pesares de contar cun "caseto de mala morte" para impartir as clases), porque entendía que sen novos músicos a banda non podería ir a máis nin progresar adecuadamente en calidade. Desta maneira conseguiu non só asegurar unha sólida continuidade da banda senón que ademais foron saíndo das súas mans músicos cunha formación suficiente para acadar o ingreso en Bandas de Música Militares e civís da máxima categoría, como por exemplo foron os casos dos irmáns Xesús e Luis Curros Amboaxe (Tenente Subdirector da Banda Militar do Ministerio do Exército en Madrid, e Suboficial na Banda Militar do Rexemento de Infantería Murcia en Vigo).

Outros músicos saídos da Escola de Eugenio Pazos Reyes, a quen lles abriu as portas dun futuro mellor, foron Xaime Varela Villar, que acadou o grao de Tenente Subdirector da Banda de Música Militar da Coruña, así como Manuel Agra Carril e Xulio Río Agra, que emigraron a Bilbao e non tiveron maiores dificultades para ingresar na Banda Municipal de Música daquela cidade, na que permaneceron ata a súa xubilación.

Eugenio Pazos Reyes seguiu atendendo co máximo interese e rigorosidade a Escola de Música, da que sacou músicos a esgalla, porque as baixas na banda tamén foron permanentes, ben porque nesas datas moitos emigraron a outras terras de dentro e de fóra de España, ou tamén porque se dedicaron a outras actividades máis produtivas economicamente.

No ano 1957, dous anos despois de facerse cargo da dirección da banda, presentóuselle a Eugenio Pazos reyes o primeiro gran problema, debido a que, por desacordos persoais marcháronlle da banda catro músicos, todos veciños da aldea de Rendos-Pezobre, que pasaron a unirse á orquestra de San Romao.

Só a tenacidade sen límites e unha exquisita ética profesional do director fixo que a Banda Popular de Música de Visantoña seguise adiante, contando tamén co apoio moral que tivo por parte dos músicos que quedaron na mesma. A difícil situación da banda fixo que Eugenio Pazos Reyes pronunciase a fermosa e contundente frase de "aínda que tan só quede o Bombeiro, a Banda de Música vai seguir adiante".

Eugenio seguiu loitando fortemente para sacar novos músicos e tamén para que nos ensaios da banda se mantivese viva a ilusión e a concordia entre os compoñentes da mesma. Dende facía xa algúns anos o fillo do director, Raúl Pazos Terceiro, formaba parte da banda, procedente da Escola de Música de seu pai, e a finais dos anos setenta tamén se incorporan a ela os dous fillos maiores de Raúl (netos do director), e progresivamente a medida que estiveron preparados tamén foron ingresando na mesma os seis restante fillos de Raúl, de maneira que durante algúns anos deuse o insólito caso de que na mesma banda de música tocaron dez persoas da mesma casa.

Este inusitado caso de tan numerosa familia tocando xuntos na mesma banda tivo moita repercusión nos medios de comunicación escritos, como por exemplo en La Región de Ourense ou na revista Pronto, con fotografías indicando que esta era a "familia máis musical de España".

En 1990 Eugenio Pazos Reyes comunicoulle a este servidor (daquela presidente da Asociación Cultural Banda-Escola de Música de Visantoña), que dada a súa idade e algúns problemas de saúde, tiña que deixar a dirección, e ante as dificultades de tipo económico para traer de fóra un novo director pedímoslle que, de ser posible, continuase algún tempo máis ata que a cota dun maior número de socios puidese aportar o diñeiro imprescindible para pagar a quen o viñese substituír.

Eugenio, director e compositor dunhas vinte obras musicais, facendo quizais o sacrificio máis grande aceptou continuar e seguiu tres anos mais, ata o ano 1993. Nesa data, e posto que a situación económica seguía tan complicada como sempre, o director propúxonos probar ao seu neto Uxío, xa que a el parecíalle que reunía algunhas das condicións necesarias para exercer a dirección da banda.

Con todos os compoñentes da banda de música reunidos no "vello caseto" (non había por aquel entón outro local), fíxoselles a proposta de probar como director ao compañeiro Uxío, e como a maioría dixo que lles parecía ben probar con un da casa antes que con un descoñecido, dende ese intre, a finais de 1993, Uxío Pazos Pintor pasou a dirixir a Banda-Escola de Música de Visantoña. Así pois, deixamos para o seguinte capítulo a historia deste novo director.

Entre Lusco e Fusco será o grupo invitado do III Festival Infantil de Herba Grileira

A Escola de Música e Baile tradicional Herba Grileira ultima os detalles da organización do seu festival infantil, que este ano chega á terceira edición. Celebrarase o vindeiro domingo, 11 de marzo, na Casa da Cultura de Melide e ademais do propio alumnado de Herba Grileira contará, como é habitual, coa participación dun grupo convidado, que este ano será *Entre Lusco e Fusco*, de Vilalba.

En total máis de setenta cativos con idades comprendidas entre os 5 e os 15 anos serán os auténticos protagonistas dunha xornada cultural que dará comezo ás 12:00 da mañá e na que ao longo de hora e media se poderán ver diferentes actuacións de baile, gaita, pandeireta, canto e percusión.

A gala será presentada polos propios nenos e nenas de Herba Grileira. Ademais das actuacións incluirá a proxección de vídeos nos que eles mesmos falarán da súa relación coa escola, da aprendizaxe e das aspiracións futuras.

Cartel que anuncia o festival

Música, baile e... pintura!

Unha das novidades da terceira edición do Festival Infantil de Herba Grileria foi a convocatoria dun concurso de debuxo a través do cal se escolleu o deseño do cartel co que se está a promocionar o evento. Nel participaron os nenos e nenas da escola, e de entre as máis de 20 propostas recibidas resultou ganadora a realizada por María Vázquez Prieto, na que se poden ver dous cativos de costas vestidos co traxe tradicional.

Ademais de servir como base para o deseño do cartel, o traballo de María Vázquez inspirará tamén outra das novidades do festival: un photocall que se colocará no vestíbulo da Casa da Cultura e no que o público asistente lle poderá dar vida e poñer cara aos personaxes que ela debuxou.

Entre Lusco e Fusco

O grupo convidado este ano ao festival, *Entre Lusco e Fusco*, é unha agrupación de baile, canto e música tradicional procedente de Vilalba que remonta a súa orixe ao ano 1990. Ao longo destes 28 anos de percorrido, os membros desta asociación chairega tiveron a posibilidade de realizar numerosos intercambios culturais, dentro e fóra de Galicia. Na actualidade conta con arredor de 100 socios de diversas franxas de idade, repartidos nas diferentes disciplinas de música e baile tradicional das que imparten ensino.

Alumnos do IES de Melide, campións no concurso Odisea

O equipo do IES de Melide de Primeiro de Bacharelato B *H ΤΑΝ Η ΕΠΙ ΤΑΣ*, formado por Ainhoa García Simón, Yara González Barral e Adrián Iglesias Campos, resultou gañador a nivel galego no Concurso Odisea, que organiza a sección galega da SEEC (Sociedade de Estudos Clásicos), dirixido ao profesorado e alumnado de cultura clásica, latín e grego. A vitoria foi axustada, pero ao final superaron ao equipo *EHEU!* do IES de Ribadeo por menos de dous minutos na entrega de respostas. Este ano participaron arredor de mil alumnos de toda Galicia agrupados en 328 equipos. É a primeira vez que o IES de Melide, que nunca deixou de participar dende que se creou este concurso hai trece anos, obtén un premio.

Éxito do II Torneo de tenis de mesa

Tralo éxito do II Torneo de tenis de mesa celebrado no concello de Toques o pasado mes de febreiro, no que participaron un total de 23 deportistas, está previsto que para o mes de maio se organice unha nova convocatoria.

Clasificación para o Ayude

A Escola Ayude de Santiso participou en Lugo na xornada norte da Liga Galega de Loita Olímpica Infantil, onde conseguiron a clasificación para loitar polas medallas na xornada final. Nesta ocasión debutaron Martiño, Aldán e David.

Axenda Cultural

Venres 9 de marzo
(Sala A Fundación, Melide)
Berlai presenta o seu primeiro disco, "Descoñecido", a partir das 23.30 horas.

Sábado 10 de marzo
(Pub Gatos de Melide)
O grupo melidense Cuarta Xusta presenta o seu primeiro disco que leva por título "Un novo espertar". A partir das 23.59 horas.

Domingo 11 de marzo
(Casa da Cultura de Melide)
A partir das 12.00 hora do mediodía, III Festival Infantil Herba Grileira que contará con Entre Lusco e Fusco, de Vilalba, como agrupación convidada.

Domingo 11 de marzo
(Local social de Visantoña)
Teatro a cargo da Asociación Cultural Charamela de Melide, que presentará a súa última obra "O Blus de Haroldo Barrenillo". A partir das 18.00 horas.

Sábado 17 de marzo
(Pavillón de Souto - Toques)
IV Gala de Artes Marciais no concello de Toques. Será no pavillón polideportivo de Souto a partir das 17.00 horas. Está prevista a participación das Escolas Deportivas municipais de Karate, así como a E.D. Karate de Monterroso e a E.D. Taekwondo de Melide.

Domingo 18 de marzo
(Visantoña - Santiso)
A Asociación Deportiva Cerne Melide, en colaboración co Concello de Santiso e a Asociación O Noso Lar, organiza a andaina do "Roteiro de Visantoña". Son 16 quilómetros que se poderán percorrer andando ou correndo, e que ao final contará cun xantar (10 euros) para os participantes que así o desexen no Mesón Visantoña (lugar de partida e chegada da andaina). A saída está prevista para as 10.00 horas da mañá e, só os que desexen acudir ao xantar deberán reservar antes, xa que as prazas son limitadas.

Sábado 24 de marzo
(Casa da Cultura de Melide)
Remata o ciclo de monólogos coa actuación de Pepo Suevos. Será a partir das 22.00 horas. Enradas á venda en Muxica Tenda Xoven e Estanco Angarela.

Sábado 7 de abril
(Visantoña - Santiso)
Celébrase a V Ruta Cabalar do Pantano Visantoña-Santiso a partir das 12.00 horas do mediodía coa recepción de xinetes e os seus cabalos. Ás 13.00 horas terá lugar o xantar e a partir das 15.00 horas dará comezo a ruta duns 25 quilómetros aproximadamente. Para rematar a xornada está prevista unha cea de confraternidade ás 22.00 horas. O prezo da actividade é de 30 euros. Máis información no Mesón Visantoña. A data límite para retirar as entradas é o 4 de abril

A FP e o Bacharelato en Melide

Anpa Terra de Melide

En Melide, cada día é máis difícil entender como é posible que dende as diferentes administracións non se valore aos estudantes da zona dende una perspectiva global, pois hai tantas diferenzas entre os nenos/adolescentes, como flores hai nos campos en primavera.

Quéresenos facer crer que os nenos e os pais en Melide só vemos aos nosos fillos como futuros universitarios e, aínda que iso nos gustaría a todos, ben sabemos, pois son os nosos fillos, que non sempre este é o mellor camiño para algúns deles.

Facer o Bacharelato é fantástico; acabas e con 17/18 anos tes dúas posibilidades, a universidade ou ben unha FP de grao superior.

Pero que pasa con eses nenos aos que iso de estudar, buff, lles custa... E a presión do Bacharelato, sobre todo de 2º, é un muro infranqueable. Dous anos como mínimo perdidos, algúns máis, e ao final non o quitan.

Isto chámase "falta de previsión". Culpables? todos.

Posiblemente, moitos destes nenos poderían sacarlle moito máis partido as súas capacidades, habilidades e a súa autoestima, se dende un principio e tras rematar a ESO, puidesen variar o rumbo facendo unha FP de grao medio, por exemplo.

E cal é o motivo de non facer madeira en Melide? Pois a vocación de cada un pode ser unha barreira, e esta rama dános a impresión que ten moito de vocacional e de habilidades manuais. Ese pode ser o motivo de non dirixirse por esa ruta.

Por outra parte, moitos pais non estamos moi seguros de que os nosos fillos con 15 anos, estean capacitados para ir a vivir sos a pobos ou cidades nos que hai alternativas orientadas aos seus gustos ou as súas destrezas. Por iso tratamos de que sigan co Bacharelato, para que se desenvolvan un pouco máis como adultos e, mentres tanto, tratamos de que o obteñan, cousa frustrante por outro lado. Pero despois, aínda tes que oír que "se valen para saír un sábado pola noite, como non van a ser válidos para vivir sos". En fin, en ocasións é mellor ser xordo. Que terá que ver o touciño coa velocidade.

A opción de ir a un concello próximo a facer algunha das alternativas que hai, por exemplo a Lalín, Arzúa, Curtis, Palas ou Vila de Cruces, non sempre é viable por varios motivos. Os autobuses, salvo a Arzúa e Palas, son de risa, ou non chegan á clase ou non poden volver, ou directamente ambas. E noutros casos nin existen. Si, podemos deixar de traballar e levalos os pais, pero xurde un problema. Deixando de traballar non hai diñeiro; desterrámolo.

Resumindo: ou vas por Bacharelato ou "menudo lío..."

810.621 alumnos en FP, son as cifras que o Ministerio de Educación publica para o curso 2017/2018 , cifras que non deixaron de subir dende o curso 2011/2012. Son datos oficiais, e os motivos que dan: **"opción favorita dos estudantes pola súa alta empregabilidade", non hai máis que dicir, os datos están aí**.

E falando de Bacharelato, é unha pena que no noso instituto non exista a opción de Artes, pois non será por non haber auténticos potenciais artistas no noso instituto: músicos/as, actores e actrices, pintores... Non hai máis que dar un paseo pola web do IES de Melide para comprobalo.

Por non falar do desgusto que levou o ano pasado unha alumna, para quen o seu único obxectivo era facer medicina, e no IES non lle permitían facer as optativas necesarias para poder alcanzar a nota que necesitaría para poder entrar na carreira. Ao final rectificaron dende o instituto e todo rematou ben, pero o desgusto levouno.

Cales son as alternativas? Non somos nós quen para propoñelas, pois a variabilidade de alumnos, gustos, destrezas e posibilidades son tantas que... difícil é poñerlles nome, pero o que dende esta asociación pedimos, son alternativas.

Proximamente, o IES vai celebrar un Consello Escolar Extraordinario para debater sobre o tema, no cal tanto os pais como os alumnos, a Asociación de Empresarios e o resto de membros do mesmo (profesores, persoal non docente, etc), trataremos de propoñer alternativas. Esperamos que dita reunión sexa frutífera e que entre todos consigamos encontrar una senda de oportunidades para os nosos fillos, pois son o futuro dos nosos pobos.

A importancia da detección precoz en ortodoncia

Ana Marcos Cardo, Odontóloga

Ana Marcos Cardo posúe a especialidade de ortodoncia cun máster da Universidade de Oviedo de catro anos de duración. Insiste aos seus pacientes na importancia da detección precoz en ortodoncia, motivo polo cal aconsella comezar con revisións aos 6 anos de idade e non cando somos adultos.



Etimoloxicamente, Ortodoncia deriva dos termos gregos *ortos* "recto", e *odontos* " dente", é dicir, sería aquela ciencia encargada de enderezar os dentes ou de corrixir as irregularidades nas posicións dentarias.

Joachim Lefoulon, 1841-París, denominou ortodoncia como "a arte dentaria que se ocupa das deformidades conxénitas da boca".

De tal xeito, podemos indicar que a Ortodoncia é a especialidade da odontoloxía que se ocupa do crecemento do complexo craneo -facial, do desenrolo da dentición e a oclusión dentaria, así como do diagnóstico, prevención, intervención e tratamento das anomalías da oclusión.

Estimouse que o 50% da poboación en **dentición permanente temperá (12 a 14 anos de idade)** requiriría algún tipo de intervención en ortodoncia. Ademais, case a metade de aqueles (20%), requiriría un tratamento complexo para resolver maloclusións importantes.

Na actualidade habería que engadir o notable incremento na demanda de tratamento ortodóncico por parte de **persoas adultas**, debido a que progresivamente maior número delas manteñen os seus dentes durante mais tempo, interesados na súa estética e saúde dentofacial.

Arredor dos 6 ou 7 anos de idade, debería realizarse en todo os nenos e nenas un breve exame da oclusión, o cal serviría para detectar calquera problema incipiente que puidera prexudicar a secuencia normal da erupción. Estaría indicado tamén, a esta idade, un exame radiográfico se se sospeitase dalgunha anomalía no desenrolo ou na erupción dentaria.

A esta idade, pode verse se os cativos teñen un padal estreito, ou se o maxilar superior non está crecendo ao ritmo axeitado, situación que se pode solucionar con aparatoloxía e que, se esperamos demasiado tempo, pode precisar de cirurxía.

Cun diagnóstico a idade temperá podemos evitar ortodoncias no futuro ou que sexan máis sinxelas.

Aos 12 ou 13 anos os pacientes xa teñen todas as pezas definitivas. É entón cando, no caso de que o menor teña os dentes mal colocados, se resolve con ortodoncia.

Non é só cuestión de estética. Cando non hai boa mordida (os dentes non encaixan correctamente), prodúcense problemas na articulación temporomandibular e poden aparecer problemas articulares que xeren dor de pescozo, cervicais ou migraña.

TANIA MOURAZOS, PASARELA

“En Melide abrimos os domingos e a iso deberíamos sacarlle máis proveito”

Iniciou a súa andaina en Pasarela hai xa máis de cinco anos onde, despois de comezar como empregada, acabou collendo as rendas do negocio. Na actualidade divide a súa tenda en tres seccións: moda informal para muller e tamén para home, colección de festa para muller e comuñón só para nenas. Admite que foi un reto poñerse ao fronte de Pasarela, pero amósase satisfeita co traballo realizado. Cre no pequeno comercio e na necesidade de fomentalo. Agora, tras uns pequenos cambios e renovar o interior da tenda, afronta a tempada primavera-verán con algunha que outra novidade.

.- Despois de tomar a iniciativa, que balance fai de todo este tempo?
.- Tania Mourazos (T.M.): Pois nada que ver de cando comecei a agora. Cando empezas, aínda que esteas traballando aquí, non ves as cousas como cando tes que levar ti todo o peso do negocio. Ao principio non sabía todas as cousas que sei hoxe en día, pero co paso do tempo vas vendo e aprendendo e, aínda que seguramente me quede moito por saber e pese ás preocupacións a verdade é que estou moi contenta.

.- Que se vai a levar esta primavera verán?
.- T.M.: Sobre todo moito volante e estampado de lunares. En canto a cores o amarelo, o vermello e cores vivas e fortes.

.- Dende o seu punto de vista, como cambiou a moda nos últimos anos?
.- T.M.: Cambiou en moitos aspectos, pero algo que sempre me chamou a atención foi a moda dos pantalóns vaqueiros. Todo o mundo ten pantalóns vaqueiros, pero é que ao longo dos anos pasamos dun extremo ao outro, dos pantalóns súper anchos aos estreitiños de todo. E se te fixas, pouco a pouco parece que volven a entrar no mercado os anchos, aínda que á xente cústalle moito volver, iso si.

.- Para que algo sexa tendencia, imponse a moda ás persoas ou son as persoas as que impoñen a moda?
.- T.M.: Persoalmente creo que somos, facemos e poñemos o que vemos. Quero dicir, igual pensamos que nunca na vida poñeríamos unha prenda, pero como a ves por todas partes, ves que sae na televisión, que moita xente o leva posto, pois ao final acábache gustando. E por suposto tamén hai xente que ten o seu estilo e que por moito que vexa unha tendencia non a vai a seguir. Pero a maioría creo que somos moi de deixarnos influenciar.

Tania Mourazos na súa tenda, Pasarela, na que predomina o estilo informal

.- Que nos pode adiantar en canto a comuñóns?
.- T.M.: Coa colección de comuñón só levamos tres anos. Hai un pouco de todo, dende os estilos máis clásicos ata os máis modernos. Iso si, co que levo visto nestes tres anos si hai unha cousa que podo asegurarche, e é que no cen por cen das veces nunca coinciden os gustos da nai cos das nenas. As nenas tenden máis a querer verse como unha princesa, máis pomposas, mentres que as nais queren o traxe clásico e tradicional de comuñón, canto máis sinxelo mellor.

.- E quen gana ao final?
.- T.M.: A nena, sempre (risas). É certo que as nais acaban cedendo un pouquiño porque é o día das pequenas e queren que o disfruten ao máximo.

.- Con canto tempo de antelación se debe mercar un traxe de comuñón?
.- T.M.: Eu aconsello vir canto antes mellor. Aínda que penses que vir con seis meses de antelación é unha barbaridade, non é así. Unha vez que se elixe hai que pedilo, e iso tarda semanas. Hai que facer as fotos antes do día da comuñón, prepararlle os arranxos se o necesita, probalo varias veces, e todo iso leva o seu tempo. Así que canto antes mellor.

.- E algunha novidade con respecto a outros anos?
.- T.M.: Si. Este ano como novidade nos vestidos de festa e nos de comuñón, ambos de temporada, temos unha pequena promoción en colaboración cunha perrucaría, que consiste en vestido + peiteado + maquillaxe, todo xunto cun pequeno desconto. E logo seguimos mantendo os vestidos de comuñón e festa de temporadas pasadas a metade de prezo.

.- Que vantaxes ten para vostede o pequeno comercio?
.- T.M.: A min persoalmente gústame máis que mercar en grandes superficies. Ir polo centro dun pobo ou dunha cidade e entrando nas pequenas tendas. Pensa que aquí por exemplo tes de todo, quero dicir que por exemplo podes dar un paseo, ir pola zona dos viños, mercar nos comercios locais, etc. Por non falar do trato persoal e esa proximidade que creo que non atopas nas grandes superficies.

> “Temos unha promoción nos vestidos de festa e comuñón que inclúe peiteado e maquillaxe”

.- Como valora a liberdade á hora de escoller o período de rebaixas?
.- T.M.: Eu vexo ben que cada un as poña cando queira. Cada persoa sabe como vai o seu negocio e sabe como reacciona a súa clientela, entón tamén saberá que promocións facer e cando facelas.

.- Demandaría algunha actividade para fomentar as vendas no comercio local?
.- T.M.: É complicado, pero por exemplo os domingos, que é día de feira e ademais abrimos os nosos comercios, que é algo que tamén nos diferenza con respecto a outras zonas, igual trataría de buscar a maneira de que con actividades a xente se quedase máis tempo no pobo. Habería que atraer a máis xente á vila e conseguir que se quedase máis tempo.

.- A modo de curiosidade, é un sacrificio estar á moda hoxe en día?
.- T.M.: Para min non porque me gusta. Creo que cando a unha persoa lle gusta algo non é un sacrificio. E ademais hoxe en día estar á moda é moito máis accesible que tempo atrás.

Pasarela Melide
Tlf: 981 50 59 08
Alexandre Bóveda, 10

CERNE

Cerne 146. Marzo 2018

AXUDAS PARA PEMES, AUTÓNOMOS E EMPRENDEDORES DA PROVINCIA



A Deputación subvenciona o 75% dos custos dunha nova contratación na túa empresa

Ata 23.000€ para investir no teu negocio

Plan de Emprego Local 2016-2019 PEL

Deputación DA CORUÑA